

Acta Asemblea en Común Extraordinaria

Data: Martes 29 de setembro de 2015

Lugar: Local OueC (As Burgas)

Hora: 20h

1) Ratificación carácter de urxencia da convocatoria:

Atendendo ao novo protocolo de convocatoria de asembleas extraordinarias aprobado na AeC do 17/7/2015 será necesaria ratificar a urxencia da convocatoria con anterioridade a celebración da mesma.

Neste caso a urxencia débese á convocatoria do pleno ordinario do mes de outubro para o venres 02/10/2015 polo que o GT Institucional achega a orde do día do mesmo na procura de argumentario e referendo asembleario.

Ratificada a urxencia por unanimidade.

2) Orde do día para o Pleno Ordinario do Concello de Ourense do 02/10/2015:

Faise un recordatorio da ferramenta de discusión empregada (Loomio: <https://www.loomio.org/g/5t0LWlrx/ourense-en-comun>)

As tres mocións presentadas en pleno, o argumentario e emendas poden consultarse nesta ligazón:

http://www.ourense.es/portalOurense/fdes_d4_v1.jsp?contenido=14493&tipo=6&nivel=1400&language=gl&codMenu=231&codMenuPrimerNivel=1&codMenuSegundoNivel=81

3) Dáse conta da actividade do GT Institucional:

•Xuntas de Área 29/09/2015:

Dáse conta brevemente das temáticas avanzadas en cada xunta de área. As actas destas serán publicadas na web de OUeC para consulta de calquera interesada. A ferramenta está creada e pode accederse no apartado web/transparencia: <https://www.dropbox.com/sh/mxpe7q4f2urb81c/AABs-DJJoocD982rbuJKuLVoda?dl=0>

- Mesa de traballo animalista 30/09/2015 Local OueC:
<http://ourenseencomun.info/ourense-en-comun-convoca-a-toda-a-cidadania-a-presentar-emendas-a-ordenanza-municipal-sobre-tenza-de-animais-potencialmente-perigosos/>
- Reunión GT Institucional (martiño e miguel) e GT Apertura (martiño ramos) coa CEO, ACO e Cámara de Comercio: apoio á 2ª exposición do PXOM. Xoves 01/10/2015 na CEO
- Mesa de Mobilidade: anuncio convocatoria mesa o 05/10/2015

4) Próxima asemblea:

- Asemblea monográfica supramunicipal: mesa redonda reflexiva semana do 13 ao 16 de outubro
- Asemblea ordinaria: semana do 20 ao 23 de outubro

Levántase a sesión ás 22.30h